



CEU

*Escuela Universitaria
de Magisterio*



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo

Informe final de Avaliación 2021/2022

R2 - DO0203 P1

ÍNDICE

I. INFORMACIÓN XERAL	1
II. COORDINACIÓN.....	1
III. AVALIACIÓN DO PAT-ANEAE	1
IV. CONCLUSIÓNS	4
V. ANEXO	7

1. INFORMACIÓN XERAL

Centro	Escola Universitaria de Maxisterio "María Sedes Sapientiae"		
Ámbito de aplicación	Grao en Educación Infantil Grao en Educación Primaria		
Curso de implantación do PAT	2012/2013	Data de aprobación da versión en vigor do PAT	26 de xuño de 2018

2. COORDINACIÓN

Coordinadoras do PAT-ANEAE	Susana Álvarez Lago Paula Ramos Garrido
Titoras de curso	Purificación García Cajide (1º Grao en Educación Infantil) Montserrat Rúa Fernández (1º Grao en Educación Primaria) Julia Criado del Rey Morante (2º Grao en Educación Infantil) Susana Álvarez Lago (2º Grao en Educación Primaria) Marta Peláez Torres (3º Grao en Educación Infantil) Mª del Carmen Rodríguez Lorenzo (3º Grao en Educación Primaria) Sandra Teresa Álvarez Ledo (4º Grao en Educación Infantil) Mª Fernanda Piñero Sampayo (4º Grao en Educación Primaria)

3. AVALIACIÓN DO PAT

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS				
Obxectivos xerais				
Obxectivo	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación
Establecer a titoría e a orientación académica e profesional na Universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola mesma.			x	Todos os que forman parte do PAT
Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor titor.			x	Todos os cursos teñen asignado unha profesora titora dende o inicio de curso.

Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		x		A pesar de ter ampliado as canles de comunicación e presentación das diferentes actividades por parte das titoras nas aulas, a resposta do alumnado non é satisfactoria nalgúns casos.
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar...			x	Acceso a este tipo de información nos taboleiros da Escola, comunicación das titoras aos seus titorandos, na pantalla situada na entrada da Escola, tamén a través do COIE.
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo cooperativo e en equipo.		x		Na maioría das materias desenvólvense tarefas grupais que favorecen o traballo conxunto do alumnado e permiten afondar na súa propia aprendizaxe. Todo o profesorado está implicado para que o discente sexa capaz de organizar o seu propio proceso de aprendizaxe, de tomar decisións e de ser responsable no seu estudo.
Entender a función do profesor/a como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para conseguir progresivamente a súa regulación e xestión autónoma.			x	O profesorado comparte nos claustros e nas reunións de coordinación o seu compromiso co alumnado, expoñendo as dificultades/problemas atopados no seu labor docente e buscando solucións que axuden ao discente a aprender por si mesmo, a aprender a aprender, a pensar e a ser crítico.
Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do programa de atención ás necesidades de apoio educativo do alumnado do centro. A comunicación entre as persoas coordinadoras do PAT-ANEAE e o profesorado do centro será continua, trasladando as actividades a desenvolver e as adaptacións que garantan a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades deste alumnado.		x		A coordinadora do programa de atención ás necesidades de apoio educativo do alumnado da Escola atendeu o caso dun discente, establecendo unha serie de actuacións que foron compartidas co profesorado o cal as tivo en conta durante o curso; estas só afectaron á elaboración e desenvolvemento das probas avaliadoras. Sinalar a importancia de dar a coñecer esta figura na Escola, para algúns descoñecida, e as posibilidades que existen de garantir que este tipo de alumnado poida alcanzar os obxectivos xerais marcados para todo o alumnado.
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisión baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.		x		Promóvese a axuda e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa ante os problemas co fin de obter unha solución óptima. Considéranse e respéctanse as opinións e achegas para iso. Seguir traballando nunha maior colaboración por parte do alumnado.

Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.			x	Comunicación fluída e constante coa responsable de Calidade da Escola, compartindo a información recollida nas enquisas realizadas ao alumnado durante o curso.
Obxectivos específicos				
Obxectivo	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación
Facilitar e mellorar a integración dos estudantes na vida académica.		x		Case todo o curso académico estivo marcado polo COVID-19 incidindo negativamente no achegamento de propostas para lograr este obxectivo.
Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.		x		O resultado obtido nas enquisas de calidade é satisfactorio, pero seguimos traballando e tomando decisións para dar resposta ás demandas do alumnado.
Reducir a taxa de abandono.	x			Este obxectivo non se tivo en conta.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo e informativo dos alumnos/as.		x		Invitación a participar en xornadas, cursos, mesas redondas organizadas pola Escola ou por outra institución como unha oportunidade para complementar a formación e información do alumnado en diferentes ámbitos. Debido á Covid-19, o feito de que moitas destas actividades se celebrasen de xeito virtual supuxo unha menor participación.
Orientar e fomentar a inserción laboral dos alumnos.		x		As actuacións levadas a cabo polo COIE no centro axudan a acadar este obxectivo, ademais de toda a información facilitada a través das diferentes canles de información das que dispón a Escola.
Aumentar a taxa de eficiencia e a taxa de graduación.	x			Este obxectivo non se tivo en conta.
Mellorar a información dos estudantes en relación co Centro e a Universidade.		x		Aínda que a información está dispoñible, en moitas ocasións, os estudantes descoñecen onde e como acceder a ela.

GRAO DE CUMPLIMENTO DO PAT					
Actuacións de organización					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
<i>Sesión</i> Organización e presentación		x		Pouca comunicación co resto do profesorado nas reunións celebradas en xuño e xullo.	Profesorado

<u>Presentación</u> Estudiantes e Titoras			x	Presentación das titorías nos primeiros días de clase: funcións, utilidade, etc.	Estudiantes e titoras
<u>Asesoramento</u> Seguimento continuo			x	Reunións co alumnado para asesoralos e escoitar as súas queixas e/ou suxerencias ao longo do curso. No primeiro curso realizáronse entrevistas individuais cos estudantes. (ANEXO III del PAT)	Estudiantes e titoras
<u>Análise</u> Avaliación final do PAT		x		A participación tanto do alumnado como das titoras na participación das enquisas de satisfacción recollidas nos Anexos IV-A e IV- B non foi moi elevada.	Estudiantes e titoras
Actuacións de acollida					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
Acto de benvida alumnado de 1º			x	Recibiuse ao alumnado de novo ingreso nos actos de presentación que tiveron lugar o día 6 de setembro de 2021.	Alumnado de 1º, profesorado e dirección do centro
Acto de presentación alumnado de 2º, 3º			x	Día sinalado para reunirse o alumnado de cada curso e especialidade coa súa titora. Tiveron lugar o día 7 de setembro de 2021.	Titoras e alumnado de 2º, 3º
Actuacións de apoio e seguimento					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
Accións co profesorado titor			x	Reunións cada cuatrimestre para comentar a marcha das titorías, organización, propostas de mellora, actuacións a levar a cabo,...	Titoras e coordinadora do PAT
Accións co alumnado titor	x			Simple contacto co alumnado titor elixido mediante votación polos seus compañeiros para iniciar a súa actividade durante o curso 2022-2023.	Alumno/a titor/a e coordinadora do PAT

4. CONCLUSIONES

O Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) durante o curso 2021/2022 funcionou satisfactoriamente, en constante procura de momentos de encontro entre titora e alumnado, tanto grupais como individuais, de maneira presencial e a

través de diferentes medios telemáticos como Teams ou Intranet. Todas as actuacións levadas a cabo estaban enfocadas a lograr os obxectivos plantexados.

A presenza da titora na vida académica dos seus tutorandos é un aspecto importante e que intentamos coidar dende a coordinación, principalmente co alumando de primeiro, o cal ten un seguimento máis próximo e constante para facilitar a súa integración na vida universitaria. De feito, o sistema de seguimento realizado ao longo do curso é moi valorado polo alumnado e así se reflicte na enquisa cun 84,28% de satisfacción.

Por outra banda, os encontros que tiveron lugar entre titora-profesorado e titora-coordinadora PAT, foron de especial relevancia e contribuíron a ter unha visión global do que acontecía dentro e fora das aulas, tratando sempre de buscar solucións ás inquiredanzas, dificultades ou necesidades do alumnado. Así, a resposta a un estudante que necesitaba apoio educativo, especialmente na época de exames, foi rápida e coas indicacións da coordinadora de ANEAE compartidas co profesorado involucrado.

Nas reunións de organización do PAT-ANEAE para o vindeiro curso, cómpre salientar a importancia de que as titoras rexistren todas e cada unha das reunións que manteñan co seu grupo de titorandos nas fichas de seguimento destinadas a isto.

Por outro lado, retomáronse na Escola de Maxisterio a celebración de conferencias e cursos/talleres destinados á formación e información do alumando, abarcando un gran abanico de temas. Así, tiveron lugar os seguintes actos:

Conferencias/Charlas	Data de celebración
Presentación da Escola (Órganos, coordinacións,...)	15 y 22 de setembro
Presentación UMI, servizo do Centro Humanización da Saúde San Camilo de Tres Cantos-Madrid	17 de novembro
A poesía é necesaria nas aulas	18 de novembro
Mesa redonda. O mestre/a de audición e linuaxe	19 de novembro
A primeira volta ao mundo, 500 anos despois	25 de novembro
Presentación das últimas publicacións de Manuel Regal	16 de decembro
A importancia do prácticum na formación de mestres/as	17 de marzo
Un enfoque interdisciplinar do Trastorno de Espectro Autista (TEA)	7 de abril
Bibliotecas escolares	28 de abril

Apoios educativos da ONCE para superar as limitacións funcionais derivadas da discapacidade visual	5 de maio
Oposicións a educación e outras saídas profesionais	12 de maio
Normativa académica	25 de maio

Cursos/Talleres/Concursos...	Datas de celebración
Curso de idiomas on-line	Todo o curso académico
III Concurso fotográfico "Día da muller"	Mes de marzo
Taller de lectura Sra. Phelps	Setembro - maio
Excursión a Santiago de Compostela	6 de abril
Concurso de contacontos	21 de abril

A pesar das dificultades derivadas da situación sanitaria, obsérvase que as actividades levadas a cabo foron continuas e variadas, aínda que a participación do alumnado non foi a esperada a pesar de ter ampliada as canles de comunicación e facer unha selección de temas interesante e oportuna para a formación do alumnado. Por contra, cabe destacar a gran acollida que tivo a excursión a Santiago de Compostela con motivo da celebración do Ano Santo, converténdose nunha oportunidade para descubrir aspectos interesante da cidade e compartir, fora das aulas, momentos entre profesores/as e alumnos/as.

Tamén cabe sinalar a celebración, un ano mais, da charla informativa sobre a titulación, impartida polas persoas responsables da Secretaría do Centro, onde o alumando pode dar resposta a moitas das súas dúbidas con respecto a matrícula, mencións, bolsas,... A resposta, ano tras ano, segue sendo moi positiva e volverá a organizarse durante o curso 2022-23.

Aínda que os días 15 e 22 de setembro de 2021, presentouse ao alumnado os órganos, coordinacións,...presentes na Escola, entre os que se atopaba o PAT, para que cada quen soubese cales son os seus obxectivos, como traballa ou quen é o responsable deles, as enquisas deixan claro que non foi suficiente e hai quen segue demandando máis información sobre o PAT e, por iso, proporase algunha forma de achegamento a esa información para o vindeiro curso.

ANEXO

Resumen dos resultados obtidos nos 140 cuestionarios de satisfacción cubertos polo alumnado.

ANEXOIV-A

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:
CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	32,15%
Suficiente	67,85%

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	
Mala	4,29%
Boa	67,85%
Moi boa	27,86%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	1,43%
Pouco	23,57%
Bastante	47,14%
Moito	27,86%

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	
Pouco	16,43%
Bastante	48,57%
Moito	35%

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	87,86%
Non	12,14%

6. Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	84,28%
Non	15,72%

Susana Álvarez Iago

Coordinadora do PAT-ANEAE